



De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o xoves, día 15 de xuño de 2006, na Sala de Xuntas da ETS de Enxeñaría de Telecomunicación que poden ser do seu interese.

- * Aprobación do calendario escolar para o curso 2006-07.*
 - * Modificación puntual do encargo de docencia na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra.
 - * Aprobación dos seguintes cursos: I Máster en políticas comunitarias, desenvolvemento e cooperación transfronteiriza. I Máster/Especialista en Psicomotricidade: Especialidade en Estimulación psicomotriz na primeira infancia e na idade escolar; Especialidade en Reeducación e terapia psicomotriz; Especialidade en Intervención psicomotriz na terceira idade. Titulacións propias: Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento.
 - * Aprobación de modificacións puntuais da relación de postos de traballo dos funcionarios de administración e servizos.
 - * Actualización das tarifas de uso das instalacións deportivas para o curso 2006/07.
 - * Aprobación de diversas aplicacións e importes para incorporación de remanentes de libre disposición.
 - * Desestimación do recurso de alzada presentado polo profesor D. José Enrique Pérez Rodríguez contra o POD do Curso 2006-07 do Departamento de Tradución e Lingüística.
 - * Estimación dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentados por:
 - Dona Sara Nogueira Lemos, alumna da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, na materia “Contabilidade de Sociedades”.
 - Dona M^a Paz Salgado Blanco, alumna da E.U. de Estudos Empresariais, na materia “Matemáticas Financeiras I”.
- Desestimación do recurso de alzada contra a non admisión a trámite da solicitude de avaliación curricular presentado pola alumna da E.U. de Estudos Empresariais Dona Leticia Giménez Solla, na materia “Dirección de Empresas I”.
- * Aprobación da proposta elaborada pola COAP para a resolución dos procedementos de avaliación curricular nos casos de que a Comisión de Avaliación Curricular non se non se constituíu en forma e prazo, segundo o disposto no artigo 6.5 da nova normativa de permanencia.
 - * Estimación do recurso de alzada presentado polo alumno da E.T.S. de Enxeñeiros Industriais Alejandro Alfonso Cornes contra a desestimación por parte do Consello de Departamento da revisión da cualificación do exame da materia “Calor e Frío Industrial II”.
 - * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria e as tres universidades galegas – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, o Consello superior de Investigacións Científicas e as tres universidades galegas – Convenio marco de colaboración coa Corporación de Educación La Araucana de Santiago de Chile – Acordo de codirección internacional de tese coa Universidade 7 de novembro de Cartago (Tunicia) – Convenio de colaboración coa Universidade Federal de Bahía (Brasil) – Acordo específico de cooperación relativo a mobilidade de estudantes coa Universidade de Bretagne-Sud (Francia).

Vigo, 16 de xuño de 2006
A Secretaria Xeral

M^a Teresa Iglesias Randulfe

* *O calendario escolar pódese consultar no seguinte enderezo da páxina web da Universidade de Vigo: Información xeral/Curso académico/Calendario escolar 2006/2007.*